

**Acordo do Consello de Goberno, do 6 de maio de 2025, polo que se aproba a XIV Convocatoria do Programa Docentia para a avaliación da actividade docente do profesorado da Universidade da Coruña, no curso académico 2024/25**

|                                                                                                                                       |    |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| PREÁMBULO .....                                                                                                                       | 1  |
| CAPÍTULO I. Disposicións xerais .....                                                                                                 | 2  |
| Artigo 1. Obxecto .....                                                                                                               | 2  |
| Artigo 2. Obxectivos da avaliación .....                                                                                              | 2  |
| Artigo 3. Requisitos das persoas solicitantes.....                                                                                    | 2  |
| Artigo 4. Incompatibilidades .....                                                                                                    | 3  |
| CAPÍTULO II. Procedemento de selección .....                                                                                          | 3  |
| Artigo 5. Presentación de solicitudes .....                                                                                           | 3  |
| Artigo 5. Comisión de selección.....                                                                                                  | 3  |
| Artigo 6. Admisión, exclusión e proceso de reclamacións .....                                                                         | 4  |
| CAPÍTULO III. Proceso de avaliación.....                                                                                              | 4  |
| Artigo 7. Xornada formativa .....                                                                                                     | 4  |
| Artigo 8. Criterios, evidencias e procedemento de avaliación.....                                                                     | 4  |
| Artigo 9. Consecuencias da avaliación docente.....                                                                                    | 4  |
| CAPÍTULO IV. Protección de datos.....                                                                                                 | 4  |
| Artigo 10. Protección de datos .....                                                                                                  | 4  |
| Disposición adicional única. Información .....                                                                                        | 5  |
| Disposición final primeira. Habilitación .....                                                                                        | 5  |
| Disposición final segunda. Recursos.....                                                                                              | 5  |
| Disposición final terceira. Eficacia .....                                                                                            | 6  |
| ANEXO I. Fases e prazos de desenvolvemento desta convocatoria.....                                                                    | 7  |
| ANEXO II. Evidencias que a persoa solicitante ten que incorporar na aplicación informática .....                                      | 9  |
| ANEXO III. Evidencias que a UTC incorporará na aplicación informática (unicamente datos da UDC, non os doutra/s universidade/s) ..... | 11 |

## PREÁMBULO

O Programa Docentia (Programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario) ten como obxectivo principal contribuír á mellora da calidade da docencia nas universidades españolas e, deste xeito, acadar mellores resultados na aprendizaxe do estudantado.

Para garantir esta calidade, as institucións de educación superior deben dispoñer de procedementos que lles permitan avaliar o desempeño do seu profesorado, así como fomentar a súa formación continua e motivación profesional para asegurar a súa cualificación e competencia no exercicio da actividade docente.

Neste contexto, a avaliación da actividade docente é clave. A garantía de calidade dos estudos universitarios depende tanto da formación académica do persoal docente como da calidade real da docencia que se imparte nas aulas.

Na convocatoria do ano 2007, a Universidade da Coruña presentou o Programa Docentia, aprobado no Consello de Goberno do 18/12/2007 e do 23/07/2008, logo de que a Comisión de Avaliación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia lle outorgase un informe positivo que lle permitiu comezar coa fase de implantación do seu deseño de avaliación da actividade docente con vistas á súa certificación pola dita axencia.

Como consecuencia disto, desde o curso académico 2008/09 ata o 2023/24 a Universidade publicou trece convocatorias do Programa Docentia para avaliar a actividade docente do seu profesorado. A partir destes procesos introducíronse cambios que levaron a aprobar unha nova edición do manual deste programa.

## **CAPÍTULO I. Disposicións xerais**

### **Artigo 1. Obxecto**

Esta convocatoria establece as bases reguladoras do proceso de avaliación da actividade docente do profesorado da Universidade da Coruña (UDC), no marco do Programa Docentia, durante o quinquenio correspondente aos cursos académicos 2019/20 a 2023/24.

### **Artigo 2. Obxectivos da avaliación**

Os obxectivos do proceso de avaliación da actividade docente do profesorado da UDC son os que establece o apartado 2.2 do Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC (a partir de agora, Manual do Programa Docentia).

### **Artigo 3. Requisitos das persoas solicitantes**

1. Para poder participar na avaliación quinquenal da actividade docente, o profesorado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Impartir docencia en títulos universitarios oficiais en cada un dos cinco cursos académicos obxecto de avaliación. Destes cinco cursos académicos, polo menos en tres, a docencia tivo que se impartir en titulacións oficiais de centros propios da UDC.
- b) Impartir un mínimo de 150 horas de docencia neses cinco cursos académicos obxecto de avaliación.
- c) Impartir un mínimo de 30 horas de docencia en tres dos cinco cursos académicos obxecto de avaliación.

2. De acordo cos requisitos establecidos no apartado anterior, poderá solicitar a avaliación:

- a) O profesorado que nunca foi avaliado neste programa.
- b) O profesorado que ten avaliado desde a I á X convocatoria algún quinquenio comprendido entre os cursos académicos 2003/04 e 2018/19 e que ata o momento non solicitara unha nova avaliación.
- c) O profesorado que xa foi avaliado pero non obtivo unha avaliación positiva, sempre que cumpra co que establece o apartado 3 do Manual do Programa Docentia.

#### **Artigo 4. Incompatibilidades**

Aquel profesorado que sexa avaliador e decida presentarse a esta convocatoria para ser avaliado entenderase que renuncia á súa condición de avaliador, segundo o que dispón o artigo 23.2.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

### **CAPÍTULO II. Procedemento de selección**

#### **Artigo 5. Presentación de solicitudes**

1. A persoa solicitante deberá cubrir o formulario de participación a través da aplicación informática dispoñible en <https://www.qdsug.es/docentia/udc>. A aplicación xerará un documento de solicitude que terá que se presentar a través do Rexistro electrónico da UDC [https://sede.udc.gal/services/telematic\\_register](https://sede.udc.gal/services/telematic_register). A solicitude dirixirase a Unidade Técnica de Calidade (UTC).

2. O prazo de presentación de solicitudes será do 7 ao 16 de maio de 2025, ambos incluídos.

3. No anexo I figuran todos os prazos en que se desenvolverá esta convocatoria.

#### **Artigo 6. Comisión de selección**

1. A selección do profesorado será realizada pola Comisión Interna de Universidade (CIU), composta por:

- a) Presidencia: vicerreitor de Titulacións e Internacionalización
- b) Secretaría: técnica da UTC (que actuará con voz pero sen voto)
- c) Vogalías:
  - vicerreitora de Profesorado
  - adxunta de Organización Académica e Calidade
  - xefatura da UTC
  - cinco docentes das seguintes ramas: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Ciencias, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura
  - dúas persoas representantes do estudantado
  - unha persoa representante sindical do persoal docente e investigador (PDI)

2. A composición detallada das persoas que compoñen a dita Comisión está dispoñible no enderezo <https://www.udc.es/gl/utc/docencia/>

### **Artigo 7. Admisión, exclusión e proceso de reclamacións**

1. Unha vez que remate o prazo de presentación, a UTC revisará todas as solicitudes para comprobar que cumpran os requisitos establecidos no artigo 3 desta convocatoria. Logo de as revisar, elaborará unha listaxe de solicitudes admitidas e excluídas, xunto cos motivos da súa exclusión, que lle remitirá á Comisión Interna de Universidade (CIU) para a súa aprobación.

2. O día 26/05/2025, a CIU enviaralle un correo electrónico a cada solicitante en que lle comunicará de forma motivada se a súa solicitude foi admitida ou excluída. A partir do día seguinte abrirase un prazo de dez días hábiles para presentar reclamacións a través do Rexistro electrónico da UDC.

3. A CIU resolverá as reclamacións e comunicarlle a súa resolución a cada persoa interesada mediante o correo electrónico.

## **CAPÍTULO III. Proceso de avaliación**

### **Artigo 8. Xornada formativa**

As persoas admitidas serán convocadas a unha xornada formativa, a través de Microsoft Teams, o día 29/05/2025. Durante esta sesión proporcionarase información detallada sobre o proceso de avaliación (incorporación e, se procede, reclamación de evidencias, elaboración do autoinforme, proceso de avaliación externa etc).

### **Artigo 9. Criterios, evidencias e procedemento de avaliación**

1. Os criterios de avaliación figuran no apartado 4 do Manual do Programa Docentia.

2. No anexo II pódense consultar as evidencias que a persoa solicitante ten que incorporar na aplicación informática e no anexo III as evidencias que incorporará a UTC.

3. O procedemento de avaliación do profesorado será o que se establece no apartado 5 do dito manual.

### **Artigo 10. Consecuencias da avaliación docente**

As consecuencias da avaliación docente figuran no apartado 2.4 do Manual do Programa Docentia.

## **CAPÍTULO IV. Protección de datos**

### **Artigo 11. Protección de datos**

1. De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, sobre a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos ditos datos (RXPD), e o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos

persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos que facilite a persoa interesada mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cos seguintes datos de contacto: rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña, correo electrónico: [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal).

2. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión desta convocatoria. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD. Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

3. Os datos persoais que faciliten as persoas solicitantes conservaranse durante o tempo necesario para os fins do tratamento e, en todo caso, durante os prazos que estableza a lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

4. As persoas interesadas consenten no tratamento dos seus datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria e terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento dos seus datos persoais, nos termos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo do exercicio do dereito de supresión e demais dereitos previstos na LOPD.

#### **Disposición adicional única. Información**

1. As persoas interesadas poden solicitar información no correo [docentia@udc.es](mailto:docentia@udc.es) ou nas extensións 1052, 1069, 1063, 1046, 2302 e 2303.

2. O documento íntegro do Programa Docentia está publicado no enderezo <https://www.udc.es/gl/utc/docentia/>

#### **Disposición final primeira. Habilitación**

Habílitase a Comisión Interna da Universidade para interpretar e resolver as dúbidas que poidan xurdir na aplicación desta convocatoria.

#### **Disposición final segunda. Recursos**

Contra esta resolución, que pon fin ao proceso administrativo, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, segundo o que dispón o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA). Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP. Ambos os prazos contarán a partir do día seguinte da publicación desta convocatoria no TEO da UDC.

### **Disposición final terceira. Eficacia**

Esta convocatoria e o Manual entrarán en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

## ANEXO I. Fases e prazos de desenvolvemento desta convocatoria

|                                            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|--------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Do 7 ao 16 de maio de 2025                 | O profesorado cobre a solicitude a través da aplicación informática e presenta o documento que se xera no Rexistro electrónico da UDC.                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| 26 de maio de 2025                         | A CIU comunicaralles, por correo electrónico, ás persoas solicitantes a aceptación ou a exclusión motivada da súa solicitude.                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| 29 de maio de 2025                         | Xornada formativa dirixida ao profesorado admitido                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| Do 29 de maio ao 29 de xuño de 2025        | As persoas admitidas incorporarán, a través da aplicación informática, as evidencias que figuran no anexo II xunto cos xustificantes correspondentes.                                                                                                                                                                                                                                                      |
| Antes do 30 de xuño de 2025                | Fin do prazo en que as persoas admitidas poden presentar, a través do Rexistro electrónico da UDC, a solicitude para que emita o informe o decanato ou dirección doutro centro en que impartira, polo menos, o 25% da súa docencia durante o quinquenio que se avalía, de ser o caso.                                                                                                                      |
| Do 30 de xuño ao 2 de xullo de 2025        | A UTC incorpóralles ás persoas admitidas, na aplicación informática, as evidencias da UDC que figuran no anexo III.                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| O 2 de xullo de 2025                       | A CIU comunicaralles ás persoas admitidas que lles incorporou as evidencias que figuran no anexo III.                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| Do 3 ao 24 de xullo de 2025                | As persoas solicitantes revisan as evidencias que lles incorporou a UTC (anexo III) e, no caso de desacordo, presentan unha reclamación perante a CIU mediante o impreso que xera a aplicación informática. Este impreso ten que se lle remitir á UTC a través do Rexistro electrónico.<br><i>Tamén terán que incorporar as evidencias do anexo III sempre que os datos sexan doutra/s universidade/s.</i> |
| O 31 de xullo de 2025                      | A CIU notifícalles ás persoas reclamantes que finalizou a revisión das súas evidencias.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| Do 1 ao 16 de setembro de 2025             | As autoridades académicas cubrirán, na aplicación informática, os informes de cada persoa admitida.                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| Do 1 de setembro ao 12 de outubro de 2025  | Cada persoa solicitante terá que cubrir o autoinforme na aplicación informática.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Do 6 de novembro ao 16 de decembro de 2025 | Os comités de avaliación docente (CAD) levarán a cabo o proceso de avaliación.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |

|                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
|--------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| O 29 de decembro de 2025 | <p>Data límite para que a CIU lle notifique a resolución final a cada profesor/a.</p> <p>En caso de desconformidade coa resolución, o profesorado dispón do prazo dun mes para presentar unha reclamación perante a CIU, que conta a partir do día seguinte á data en que se lle envíe a dita resolución. A reclamación remitiráselle á UTC a través do Rexistro electrónico.</p> |
|--------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

## ANEXO II. Evidencias que a persoa solicitante ten que incorporar na aplicación informática

- Docencia non recollida no Plan de Organización Docente (POD) da UDC (títulos oficiais de grao ou de mestrado universitario que non se imparten na UDC, títulos propios e Universidade Sénior).
- Guías docentes do último curso en que se impartiu cada materia [excepto as das materias de Traballo de Fin de Grao (TFG) / Traballo de Fin de Mestrado (TFM), Prácticum e prácticas externas]
- Participación en comisións doutras institucións relacionadas coa innovación e a organización da docencia universitaria
- Participación en actividades de coordinación docente:
  - persoa responsable de campus de especialización
  - profesorado responsable de titulación
  - coordinador/a de título (grao, mestrado universitario, doutoramento)
  - coordinador/a de curso, módulo ou mención/especialidade
  - coordinador/a de prácticas de laboratorio
  - persoa asesora de teleformación de centro
- Participación en programas ou proxectos internacionais de cooperación financiados en convocatorias competitivas (*Eramus Mundus, IP, Accompanying measures, Tempus, Grundtving, Jean Monet, Edulink, Alfa*, Cooperación con países industrializados, PCI-AECID, BIP, outras).
- Actividades desenvolvidas no ámbito das relacións internacionais:
  - persoa responsable de relacións internacionais do centro
  - titoras ou titores académicos de intercambio
  - promotor/a de convenios que conducen a dobres titulacións ou títulos conxuntos (con certificado da secretaría do centro)
  - participación en Intercambio Virtual COIL
- Organización e participación en:
  - actividades de reforzo curricular: cursos cero, cursos de nivelación ou similar (con certificado da secretaría do centro)
  - actividades de mentoría no ensino superior: titorización de prácticas extracurriculares, titorización de persoas bolseiras de departamento ou similar
  - actividades de titorización para a materia
- Participación en programas de difusión e/ou divulgación institucionais:
  - programas de difusión das titulacións
  - programa de recepción de alumnado de ensino medio nos centros
  - programa de divulgación científica da UDC

- programas/actividades relacionados coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade
- Materiais deseñados para o último curso académico en que impartiu cada materia
- Utilización de Moodle/Campus Virtual/Campus Online ou doutras plataformas durante o último curso en que impartiu cada materia
- Publicacións docentes (autoría, edición e/ou avaliación):
  - libros
  - manuais
  - monografías
  - publicacións de ámbito xeral da disciplina con finalidade docente
- Contribucións a congresos e xornadas de innovación docente (congresos, xornadas, relatorios etc.)
- Premios e/ou recoñecementos de innovación docente (autonómicos, nacionais e/ou internacionais)
- Participación en grupos e/ou proxectos de innovación docente
- Estadías de formación e de mobilidade docente en institucións de educación superior nacionais e/ou estranxeiras
- Participación como alumno/a en cursos de formación relacionados coa docencia universitaria (impartidos polo Centro de Linguas da UDC, polo Servizo de Normalización Lingüística e/ou por outras institucións) e en congresos e xornadas de innovación docente de dez ou máis horas presencias/virtuais.
- Organización e/ou impartición de cursos relacionados coa docencia universitaria (Centro de Linguas da UDC, Servizo de Normalización Lingüística e/ou outras institucións) e en congresos e xornadas de innovación docente de dez ou máis horas presenciais/virtuais.
- Participación en actividades relacionadas co STEMBach (Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía).

### **ANEXO III. Evidencias que a UTC incorporará na aplicación informática (unicamente datos da UDC, non os doutra/s universidade/s)**

- Docencia recollida no POD da UDC
- Participación en tribunais de TFG, TGM e teses de doutoramento.
- Dirección de TFG e TFM
- Participación en órganos colexiados da UDC e/ou comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia.
- Participación na xunta de centro e/ou comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia e coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade
- Participación no consello de departamento e/ou comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia
- Docencia en inglés e/ou en galego (só se considerará a docencia que consta no POD, inclúese *English Friendly*)
- Plan de Acción Titorial (PAT)
- Participación na elaboración de MOOC (*Massive Open Online Course*)
- Número de alumnado matriculado e de primeira matrícula en cada materia
- Taxa de éxito (alumnado aprobado/presentado) da materia, da titulación e da universidade
- Taxa de rendemento (alumnado aprobado/matriculado) da materia, da titulación e da universidade
- Taxa de avaliación (alumnado presentado/matriculado) da materia, da titulación e da universidade
- Teses de doutoramento dirixidas e que foron defendidas publicamente
- Enquisa DA (Cuestionario de avaliación da docencia do alumnado):
  - Cursos académicos 2019/20 ao 2021/22 (Ítem 1, 3-12, 14-24)
  - Cursos académicos 2022/23 e 2023/24 (Ítem 2-13)
- Organización/impartición e/ou participación como alumna ou alumno en cursos de formación relacionados coa docencia universitaria (cursos do CUFIE), de dez ou máis horas presenciais/virtuais
- Participación en Proxectos de Aprendizaxe e Servizo (ApS)
- Participación en Grupos e/ou Proxectos de Innovación Docente (GID-UDC)